

# PLAN DE IGUALDADE

## ÍNDICE

### Contenido

|  |    |
|--|----|
| 1. INTRODUCCIÓN .....  | 3  |
| 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO.....  | 4  |
| 2.1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA.....  | 4  |
| 2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DE CENTRO.....  | 5  |
| 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA..... | 5  |
| 4. OBXECTIVOS EDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN .....  | 7  |
| 4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES .....  | 8  |
| 4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO .....                                      | 8  |
| 4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL .....  | 9  |
| 4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA.....  | 9  |
| 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.....   | 10 |
| 5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....   | 10 |
| 5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.....                            | 11 |
| 5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.....              | 11 |
| 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR....  | 12 |
| 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN .....  | 13 |

## 1. INTRODUCCIÓN

A lexislación educativa inspírase nun marco legal con multitude de normas a nivel internacional, estatal e autonómico que teñen como principio fundamental a igualdade entre homes e mulleres.

Para impulsar o modelo de escola coeducativa, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o **I Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**, e así desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.

A igualdade de xénero está latente no noso centro a través de actuacións dos distintos colectivos que conforman a comunidade educativa. Entre elas, destacan:

- Nomeamento da persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Posta en funcionamento das medidas para a intervención no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, tal e como se recolle no Plan de Convivencia do noso centro, o cal está en proceso de reelaboración e actualización durante este curso, para adaptalo á nova realidade.
- Concreción de obxectivos coeducativos a través dos Plans de Centro e a súa difusión á comunidade educativa a través das reunións de inicio de curso e a publicación de documentos na páxina web do colexio.
- Concreción dos contidos dunha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado, a cal se recolle nas distintas concrecións de ciclo e de nivel, e se especifica nas programacións de aula.
- Promoción da orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado, en datas sinaladas e relacionadas coa igualdade: 25 de novembro, 2 de decembro, 8 de marzo...
- Plan de Igualdade da ANPA posto en práctica este curso escolar para toda a comunidade educativa.
- Presenza da coeducación no noso PEC, actualizado e aprobado en Consello Escolar durante este curso 2022-23.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero, que se incluírán no novo Plan de Convivencia, e que se rexen polo Protocolo Educativo da Xunta para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

É mester, polo tanto, organizar as propostas de traballo que se viñan levando a cabo no noso centro educativo, xunto con outras actuacións, e reflectilas neste **Plan de Igualdade**. Este documento, de obrigado cumprimento para o noso centro educativo,

formará parte do Proxecto Educativo, e desenvolverase anualmente no marco da Programación Xeral Anual, como un Anexo á mesma.

O proceso de elaboración do Plan de Igualdade que leva a cabo o CEIP A Ponte, consta de tres fases principais, que se poden poñer en marcha de forma consecutiva: o diagnóstico da igualdade de xénero no noso centro, o deseño e implementación do plan de igualdade e o seguimento e avaliación do mesmo. Os principios básicos que o rexerán basearanse nos principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO

### 2.1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

A normativa en materia de igualdade recóllese a nivel estatal:

- A **Constitución Española** nos artigos 9.2 e 14 establecen a promoción da igualdade e a non discriminación por razón de raza, sexo...
- A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación**, no Preámbulo e nos artigos 1 e 2, establecen como principio básico da educación o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A **Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres**, nos seus artigos 23 e 24 nomean a inclusión da igualdade como un fin da educación e a súa integración nos currículos.

A nivel autonómico son moitas as disposicións normativas sobre igualdade. A modo de exemplo:

- **Estatuto de Autonomía de Galicia**, artigo 4º.2
- **Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro en materia de igualdade**, nos seus artigos 17 e 18, fai referencia á garantía da coeducación, formación do profesorado nesta materia e erradicación de prexuizos.
- **Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais**, dedica varios artigos á inclusión desta realidade nos plans de estudos, formación do persoal docente, divulgación da realidade LGTBI entre as ANPAS e combate do acoso.
- **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro de convivencia e participación da comunidade educativa**, que establece a igualdade como un principio que debe rexer a composición da comisión de convivencia dos centros educativos, e que será un obxectivo principal do Plan de Convivencia.

## 2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DE CENTRO

O CEIP A Ponte é un centro de titularidade pública, situado na área urbana do Concello de Ourense, no barrio ourensán denominado “A Ponte”. No centro escolarízase alumnado do segundo ciclo de educación infantil e de educación primaria. A procedencia maioritaria do alumnado corresponde coa área de adscrición do centro. En canto ao número de alumnado contamos con 358 alumnos e alumnas distribuídos en 18 unidades: 6 unidades de educación infantil e 12 unidades de primaria. Así mesmo, o número de profesorado ascende a 36 mestres e mestras. Outro persoal pertencente ao centro son: 3 coidadoras, 1 enfermeiro, 2 conserxes, 1 administrativa, 3 persoas do servizo de limpeza, 3 persoas do servizo de atención temperá, 9 persoas do servizo de comedor e 13 monitores de actividades extraescolares. Contamos tamén cunha ANPA moi participativa.

Respecto ás cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero, na documentación do centro reflíctese:

- O **Proxecto Educativo** está actualizado e polo tanto a linguaxe coeducativa tamén. No **Proxecto Educativo** do centro figura a igualdade nos obxectivos xerais, na metodoloxía e nos fins educativos, entre outros. Considérase a igualdade como un dos principais fins educativos do centro e a coeducación enténdese como a convivencia sen prexuízos entre os dous sexos, procurando a eliminación das discriminacións contra a muller e a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home e a muller.
- Nas **Normas de Organización e Funcionamento** está presente a coeducación no obxectivo xeral das normas, e noutros apartados como por exemplo, os dereitos do alumnado, a admisión de alumnado, nas normas de convivencia...
- No **Plan de Acción Titorial** a linguaxe coeducativa está presente.
- O **Plan de Convivencia** data de 2017 e estase a actualizar, incluíndo modificacións que contemplan a detección de comportamentos de violencia de xénero e a análise da linguaxe coeducativa.

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

De forma xeral, analizando o noso centro, pódese concluír que en canto á violencia de xénero a súa incidencia tende a ser baixa, non mostrándose casos de violencia no propio centro, que en ningún caso están relacionados ou motivados pola diferenza de xénero.

No caso da LGTBifobia tampouco se aprecia unha especial incidencia no día a día.

Pola contra, no que se refire aos roles de xénero, aínda son numerosos na nosa sociedade certos estereotipos relacionados cos roles que desempeñan as persoas en canto ao xénero, e isto reflíctese nas ideas, expresións e comportamentos do noso alumnado.

Con todo, este plan aplicará as medidas e promoverá actuacións para corrixir condutas ou ideas preconcebidas inadecuadas, pero tamén para concienciar a toda a comunidade educativa para a igualdade efectiva en todos os ámbitos da vida, con independencia do xénero e/ou a orientación sexual.

A análise céntrase nos seguintes aspectos:

1. Representación do profesorado en órganos de decisión:

|  | Mulleres  | Homes    | Total     |
|--|-----------|----------|-----------|
| <b>EQUIPO DIRECTIVO</b>                    | <b>3</b>  | <b>0</b> | <b>3</b>  |
| <b>CLAUSTRO</b>                            | <b>34</b> | <b>2</b> | <b>36</b> |
| <b>CONSELLO ESCOLAR</b>                    | <b>13</b> | <b>2</b> | <b>15</b> |
| <b>COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA</b> | <b>16</b> | <b>0</b> | <b>16</b> |
| <b>ANPA</b>                                | <b>5</b>  | <b>2</b> | <b>7</b>  |

2. Escolarización nas distintas etapas educativas:

|              | Homes           | Mulleres        | Total     |
|--------------|-----------------|-----------------|-----------|
| <b>4º EI</b> | <b>6+4=10</b>   | <b>3+5=8</b>    | <b>18</b> |
| <b>5º EI</b> | <b>10+8=18</b>  | <b>2+5=7</b>    | <b>25</b> |
| <b>6º EI</b> | <b>12+9=21</b>  | <b>8+9=17</b>   | <b>38</b> |
| <b>1º EP</b> | <b>11+7=18</b>  | <b>7+11=18</b>  | <b>36</b> |
| <b>2º EP</b> | <b>15+11=26</b> | <b>10+14=24</b> | <b>50</b> |
| <b>3º EP</b> | <b>12+10=22</b> | <b>11+12=23</b> | <b>45</b> |
| <b>4º EP</b> | <b>10+9=19</b>  | <b>13+15=28</b> | <b>47</b> |
| <b>5º EP</b> | <b>12+10=22</b> | <b>13+14=27</b> | <b>49</b> |
| <b>6º EP</b> | <b>13+11=24</b> | <b>12+14=26</b> | <b>50</b> |

3. Abandono escolar e absentismo: Inexistente.
4. Rexistro de condutas contrarias á convivencia: Moi escasas.
5. Uso de espazos escolares e extraescolares. Os espazos son utilizados indistintamente por todo o alumnado, sen diferenciación por sexos.
6. Participación en actividades extraescolares:

|                                    | <b>Mulleres</b> | <b>Homes</b> | <b>Total</b> |
|------------------------------------|-----------------|--------------|--------------|
| <b>Cociña fría creativa</b>        | <b>9</b>        | <b>3</b>     | <b>12</b>    |
| <b>Baile moderno</b>               | <b>15</b>       | <b>3</b>     | <b>18</b>    |
| <b>Tenis</b>                       | <b>4</b>        | <b>4</b>     | <b>8</b>     |
| <b>Baile/Pandeireta</b>            | <b>6</b>        | <b>1</b>     | <b>7</b>     |
| <b>Kung Fu</b>                     | <b>9</b>        | <b>6</b>     | <b>15</b>    |
| <b>Baloncesto</b>                  | <b>2</b>        | <b>8</b>     | <b>10</b>    |
| <b>Predeportivos</b>               | <b>4</b>        | <b>5</b>     | <b>9</b>     |
| <b>Pintura</b>                     | <b>12</b>       | <b>4</b>     | <b>16</b>    |
| <b>Fútbol</b>                      | <b>9</b>        | <b>2</b>     | <b>11</b>    |
| <b>Danza acrobática</b>            | <b>6</b>        | <b>2</b>     | <b>8</b>     |
| <b>Balonmán</b>                    | <b>0</b>        | <b>10</b>    | <b>10</b>    |
| <b>Teatro</b>                      | <b>26</b>       | <b>6</b>     | <b>32</b>    |
| <b>Patinaxe (iniciación)</b>       | <b>8</b>        | <b>6</b>     | <b>14</b>    |
| <b>Patinaxe (perfeccionamento)</b> | <b>12</b>       | <b>2</b>     | <b>14</b>    |
| <b>Natación</b>                    | <b>9</b>        | <b>9</b>     | <b>18</b>    |
|                                    | <b>131</b>      | <b>71</b>    | <b>202</b>   |

#### 4. OBXECTIVOS EDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

Os obxectivos xerais que se pretenden conseguir con este plan son os seguintes:

- Sensibilizar, implicar e formar á comunidade educativa en materia de igualdade de xénero e coeducación.
- Elaboración e divulgación de materiais coeducativos, plans e protocolos para facilitar o labor do profesorado na construción da igualdade en todos os ámbitos docentes.
- Sensibilizar e desenvolver acción para a prevención da violencia de xénero e a violencia de orixe sexista.
- Visibilizar o saber das mulleres e as experiencias coeducativas no noso centro educativo.

- Impulsar medidas destinadas a fomentar a diversidade e educación afectivo-sexual.

#### 4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES

- Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos diferentes órganos decisorios, a participación e toma de decisións, de tal maneira que se ofrezan modelos de actuación diversos e non estereotipados.
- Propoñer e realizar formación en coeducación, prevención da violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Implementar a coeducación nos proxectos de centro e aula, promovendo a inclusión de contidos e actividades sobre a importancia da igualdade entre homes e mulleres.
- Seleccionar materiais didácticos e recursos pedagóxicos que fomenten e defendan valores de igualdade e non discriminación.
- Potenciar o uso da linguaxe non sexista entre profesorado e alumnado.
- Fomentar a participación e colaboración das familias, ANPA e comunidade educativa na defensa da igualdade.
- Crear un clima escolar de respecto e igualdade entre todos os membros da comunidade educativa.
- Implicar á Comunidade Educativa no desenvolvemento deste proxecto.

#### 4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Segundo se recolle no artigo 124 da **Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio** e no artigo 124.5 da **Lei Orgánica 3/2020** e segundo a redacción dada **pola Lei 8/2003, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa**, cando se produzan condutas contrarias á convivencia, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, entre outras, levaranse a cabo as medidas correctoras que garantan o dereito e respecto de todas e todas, e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa. Os obxectivos desta área son:

- Potenciar unha educación integral en valores, que xere contornas seguras para todas e todos.
- Concienciar ao alumnado de que a mellor solución a calquera conflito sempre é a pacífica, empregando como medio o diálogo.
- Rexeitar todo acto de violencia cara calquera membro da comunidade educativa, defendendo e facendo respectar os dereitos humanos.



- Identificar problemas de violencia de xénero, tanto física como psíquica, sexual e social, e poñelo en coñecemento dos responsables do centro, seguindo as directrices establecidas no Plan de Convivencia.
- Sensibilizar á Comunidade Educativa ante a problemática dos malos tratos na nosa sociedade.

#### **4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL**

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero, dirixidas ao alumnado, incluíndo actividades de autoconhecimento, empatía, aprezo e comunicación, para favorecer a cohesión grupal.
- Realización de actividades formativas tendentes á difusión e concienciación sobre a diversidade sexual, dirixidas a todos os colectivos que compoñen a comunidade educativa.
- Fomentar a dispoñibilidade na biblioteca de libros e material que inclúa a temática da diversidade sexual.
- Traballar a educación emocional desde idades temperás, como a base para a formación dun autoconceito positivo do noso alumnado.

#### **4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA**

- Promover unha contorna de respecto e corrección no centro, inculcando a toda a comunidade educativa os valores de igualdade de trato, respecto, dignidade e desenvolvemento libre da personalidade.
- Prohibición das insinuacións ou manifestacións que sexan contrarias aos principios apuntados, tanto na linguaxe, como nas comunicacións e nas actitudes.
- Eliminar calquera feito ou actitude que conteña unha visión LGTBI fóbica ou incite á LGTBIfobia.
- Fomento da visibilidade da diversidade afectivo-sexual.
- Promoción de actividades relacionadas co calendario mundial da diversidade sexual.
- No caso da detección de casos, procederáse a poñelo en coñecemento dos responsables do centro, seguindo as directrices establecidas no Plan de Convivencia.

## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

### 5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo: repartir os tempos de exposición para que haxa un uso equitativo do mesmo, repartir tarefas vinculadas exclusivamente a un xénero....
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar do centro para impulsar o Plan de Igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos membros da comunidade educativa, con especial atención ás familias, a través da páxina web, avisos abalar...
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. Que o centro presente a formación xunto coas familias, garante que a semente da coeducación se estenda máis alá das horas lectivas.
- Cooperar coa ANPA no desenvolvemento do seu Plan de Igualdade .
- Programar actividades entre as familias e o centro que supoñan a participación das familias na aula, como por exemplo, a través de talleres da vida cotiá.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria e coidar as relacións humanas que se dan no centro. Diálogo, escoita, entendemento e consenso serán os piares fundamentais das relacións humanas no noso centro, xa que nós somos o exemplo ante un alumnado receptor activo destas relacións humanas que os adultos xeramos.  
En canto á linguaxe, para evitar a xerarquía do masculino sobre o feminino ou viceversa, trataremos de empregar as dúas linguaxes de forma proporcional, e tamén usaremos xenéricos (alumnado, profesorado...) ou substantivos colectivos.
- Colaborar con outras entidades (Concello, Policía...) na realización de actividades coeducativas. Estas actividades formarán parte da PXA e a elas sumaranse as que poidan xurdir ao longo do curso académico.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 novembro, 3 de decembro, 30 de xaneiro, 8 de marzo, 2 de maio...) coas achegas de todos os órganos de coordinación docente.
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro. Para iso, nas nosas actividades diarias daremos un tempo ao noso alumnado para que poida autoescoitarse e tamén transmitir emocións e sentimentos, o que implica un traballo transversal da educación afectivo-sexual.

- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero. É mester, polo tanto, unha reflexión sobre o material que empregamos para adecualo á diversidade dos nosos alumnos e alumnas.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo: charlas sobre violencia de xénero promovidas por sectores da nosa sociedade: policía, asociacións, etc.

## **5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES**

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír a mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade... En definitiva, se damos valor ás vivenzas, se traballamos desde diferentes formas de obter información, se propoñemos traballos de indagación no seo da familia e se empregamos referentes de homes e mulleres próximos ao alumnado, isto fará que transcendamos os estereotipos.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, das personaxes, das imaxes, da lingua, da proposta de actividades) O profesorado e a comunidade educativa informará de calquera aspecto que supoña un estereotipo de xénero.
- Realizar actividades de sensibilización na aula. Nas actividades diarias do centro educativo, dentro dos contidos transversais relacionados co respecto aos compañeiros, farase fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres. As actividades curriculares tamén son aproveitables para reflexionar sobre os estereotipos na sociedade.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias. O profesorado a través das titorías: obtemos información, coñecemos as expectativas dos proxenitores, os roles no seo da familia...polo que podemos intervir para unha maior sensibilización.

## **5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO**

- Difundir información: a través do taboleiro do centro, da páxina web...
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar, adquirindo títulos con contidos coeducativos.

- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro. O profesorado do centro velará para que este tipo de contidos respecten a igualdade e a diversidade afectivo-sexual.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión: para iso, daremos a oportunidade de que nenos e nenas realicen actividades lúdicas variadas, ocupen os espazos do centro de forma equitativa, coiden os distintos lugares nos que están, os materiais que empregan e as persoas con quen os comparten.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos. A aula de informática do centro permite levar a cabo este traballo colaborativo.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual desde o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado...

#### **5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR**

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes. Entre as normas do centro incídese no respecto entre todas as persoas.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente...
- Promover o respecto cara a diversidade sexual e de xénero. Respetaranse as diferentes características de todas as persoas xa sexa por razón de raza, xénero, diversidade sexual, capacidades...
- Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas no día a día das nosas aulas (traballo colaborativo, o alumno como protagonista da aprendizaxe...)
- Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas. Dar un tempo para recoller a clase, cando así sexa necesario, é unha forma de traballar implicitamente a corresponsabilidade.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

No día a día das aulas, e a través do Plan de Acción Titorial, podemos facer outras actividades relacionadas coa igualdade:

- Enumerar as tarefas dos diferentes membros da familia e facer un cartaz coas tarefas que fai o alumnado e as que pode facer.
- Elaborar tarxetas personalizadas co perfil profesional das nais traballadoras, e posterior exposición.
- Recompilación de lecturas e artigos relacionados coa igualdade e creación dun recuncho dentro da aula.
- Dramatización de pequenas escenas sobre comportamentos e linguaxes non axeitados, para evitar unha linguaxe sexista e avanzar cara a igualdade.
- Busca de artigos relacionados coa diversidade sexual e posteriores comentarios dos mesmos.
- Etc.

## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para asegurar o éxito deste Plan é necesario definir os mecanismos de seguimento das actuacións e medidas que o desenvolven, á vez que estratexias de avaliación que permitan valorar dunha maneira sistemática o alcance das actuacións, e ofrecer información para orientar a toma de decisións cara a potenciación dos logros e a corrección das posibles carencias.

Dado que este Plan é un documento dinámico, que se irá adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso escolar, realizarase unha avaliación continua, que nos permitirá coñecer o nivel de cumprimento dos obxectivos propostos, e ao mesmo tempo engadir novas actuacións, axustar ou retirar algunha que non se poida levar a cabo.

Trátase dunha avaliación entendida como un exercicio de responsabilidade individual e colectiva, e que implica un proceso de reflexión e análise sobre as actuacións que se van desenvolvendo e o resultado das mesmas. Polo tanto, na avaliación participarán todas as persoas implicadas no desenvolvemento do Plan. En consecuencia, considérase que os instrumentos de avaliación máis axeitados son: Instrumentos de avaliación cuantitativos, entre eles a observación sistemática e instrumentos de avaliación cualitativa, entre eles a observación participante e os grupos de discusión, para fomentar o diálogo e o debate.

Para avaliar o grao de cumprimento deste Plan, establécense os seguintes indicadores, relacionados coas medidas de actuación, nos seguintes ámbitos:

- a) Indicadores no ámbito da promoción da igualdade entre homes e mulleres:
  - Promoveuse o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.

- Fomentouse a superación de estereotipos.
  - Promoveuse a autonomía persoal.
  - Promoveuse a igualdade no deporte e nas actividades físicas e lúdicas.
- b) Indicadores nos ámbitos da prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero e LGTBIfobia:
- Educouse na prevención da violencia de xénero.
  - Visualizouse con exemplos concretos, actitudes ou comentarios que supoñen violencia de xénero.
  - Déronse pautas sobre como actuar no caso de vítimas e testemuñas ou observadores.
- c) Indicadores no ámbito do respecto á diversidade afectivo-sexual:
- Educouse sobre o respecto e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual.
  - Fomentouse a visibilidade da diversidade afectivo-sexual.

A avaliación estenderase tamén a:

- a) O alumnado: actitudes, participación activa, interese, motivación e grao de consecución dos obxectivos propostos.
- b) O profesorado: traballo realizado, implicación e grao de consecución dos obxectivos expostos en relación ao equipo docente do centro educativo.
- c) As actividades: grao de adecuación das actividades propostas ao alumnado, e grao de adecuación das actuacións para a consecución dos obxectivos.
- d) Materiais e recursos: calidade e cantidade dos recursos, uso axeitado...

A modo de conclusión, o presente Plan de Igualdade é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade educativa deste centro, estando supeditado á lexislación vixente. Procederáse á divulgación deste documento por diferentes medios á comunidade educativa:

- Depósito de copia na Dirección, a disposición de calquera interesado que forme parte da comunidade educativa, segundo o criterio da Dirección.
- Publicación na páxina web do centro.